

PROXECTO FUNIL. LABORATORIO VISUAL DE QUÍMICA

BERMEJO, MANUEL R.
FERNÁNDEZ-GARCÍA, M. ISABEL
GÓMEZ FÓRNEAS, ESTHER
GONZÁLEZ NOYA, ANA M.
MANEIRO, MARCELINO; PEDRIDO, ROSA
RODRÍGUEZ SILVA, LAURA; ROMERO, MARÍA J.
Departamento de Química Inorgánica, USC.

FERNÁNDEZ, BEATRIZ
IES Anxel Fole, Lugo

GARCÍA-SELJO, M. INÉS
CPI Luís Díaz Moreno, Baralla

VICENTE GARCÍA, MANUEL
Director de Efervescencia

O “Proxecto Funil” xurdiu para procurar dotar á lingua galega de novas ferramentas multimedia para o ámbito científico, algunha delas inexistente noutras linguas da nosa contorna. As ferramentas sobre as que se cimenta este proxecto son basicamente dúas: un libro electrónico de prácticas de laboratorio de química e unha serie de vídeos onde se visualizan os procedementos, as técnicas e o desenvolvemento práctico no laboratorio de química, as operacións básicas e de certas preparacións elementais.

A experiencia do equipo docente que formula este proxecto evidencia a necesidade de ofrecer novas fórmulas de transmisión do coñecemento que conecten coa xuventude da nosa sociedade. Como docentes no laboratorio comprobamos como o noso alumnado xa utiliza os seus dispositivos móbiles para gravar diferentes fases das súas prácticas. Trátase de gravacións caseiras moitas veces sen a supervisión académica axeitada, cando o rigor científico é fundamental para o progreso da ciencia. Por outro lado, as dificultades económicas de moitos centros de ensino secundario deriva na imposibilidade de realizar as prácticas co material conveniente ou a limitación nos experimentos que se poden realizar. Estas situacións débense resolver coa conveniente dotación orzamentaria, pero a nosa obriga é tentar elaborar e ofrecer aquelas ferramentas que están da nosa man, razón pola que xurdiu esta iniciativa. Tamén somos conscientes de que un laboratorio virtual nunca pode substituír ao laboratorio real, pero si complementar a formación do alumnado, axudar a fixar conceptos e impulsar a inquietude ou vocación científica da nosa xuventude.

As ferramentas elaboradas están xa dispoñibles en aberto nunha plataforma dixital gratuíta. Dende ela son accesíbeis o libro electrónico, os vídeos das diferentes actividades, os perfís das redes sociais deste proxecto (*Facebook, Twitter, YouTube*) e outros enlaces de interese. Na Figura 1 recóllese o aspecto da pantalla de inicio do portal www.funil.gal.



Figura 1. Páxina de inicio do portal do “Proxecto Funil” na rede (www.funil.gal).

O público obxectivo do proxecto sería o alumnado de primeiro curso dos graos universitarios de química, enxeñaría química, bioloxía e farmacia, enxeñaría agrícola e forestal, así como o alumnado dos últimos cursos de ensino secundario (3º e 4º de ESO e Bacharelato). Este proxecto formúlase con vocación de perdurar no tempo e ir engadindo novos recursos en sucesivas fases, ampliando tanto o número de experimentos e audiovisuais como a oferta de contidos ao abrirse a outras áreas de coñecemento.